

PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2025]

PROGRAMA I. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Axudas para as persoas desempregadas que inicien a súa actividade empresarial ou profesional como traballadoras autónomas por conta propia, para facer fronte aos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral



Aberto do 24 de xaneiro ao 30 de setembro de 2025

Liña 1

Axuda para o inicio da actividade económica e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma.



Liña 2

Axuda equivalente a 12 meses da cota reducida á Seguridade Social por contingencias comúns e profesionais.

Orzamento 28.956.500 €



Persoas beneficiarias

Persoas beneficiarias para a liña 1

- Persoas inscritas como demandantes de emprego non ocupadas nos servizos públicos de emprego que, entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, ambos inclusive, causen alta definitiva no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
- Persoas traballadoras autónomas ou por conta propia que formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación e constituída previamente á data de solicitude desta subvención, sempre que as soliciten a título persoal.

Persoas beneficiarias para a liña 2 (ademais das persoas recollidas na liña 1, tamén)

- Persoas traballadoras autónomas socias de sociedades mercantís, laborais ou cooperativas de nova creación (aquelas creadas desde o 30 de setembro de 2024).



Requisitos das persoas beneficiarias

- Atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas e ter iniciada a actividade con anterioridade á data de solicitude desta subvención,
- Ter o domicilio fiscal en Galicia con anterioridade á solicitude da axuda,
- Desenvolver a actividade empresarial ou profesional en Galicia e

E ademais, segundo a liña de subvención que se solicite:

Liña 1

→ Non ter ningunha alta anterior como persoa traballadora autónoma nos 5 anos inmediatamente anteriores á data de publicación desta axuda.

Liña 2

→ Ser beneficiaria da cota reducida regulada no apartado 1º do artigo 38 ter da Lei 20/2007, de 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo.

PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2025]

PROGRAMA I. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO



Intensidade da axuda

Axudas da liña 1

Liña 1 e liña 2 compatibles

Contía base
(non acumulables)



Incremento
(acumulables entre si)

2.000 €

ou

4.000 €

+15%

da contía base

→ Persoas desempregadas en xeral

→ Persoas menores de 30 anos

→ Persoas maiores de 52 anos

→ Persoas paradas de longa duración

→ Persoas con discapacidade ou en situación de dependencia

→ Persoas en situación ou risco de exclusión social

→ Persoas emigrantes retornadas

→ Persoas estranxeiras

→ Muller

→ Centro de traballo nun concello rural

→ Persoas maiores de 45 anos (*)

→ Persoa trans

→ Profesións e oficios nos que a muller estea subrepresentada

Contía máxima liña 1: 7.000 €

(*) Incremento non aplicable ás persoas maiores de 52 anos

Axudas da liña 2

Axuda equivalente á contía da cota mensual reducida sufragada pola persoa beneficiaria multiplicada por 12:

960 €



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos auditados esixidos pola lexislación mercantil e sectorial.
- Manter rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados para seguir a pista de auditoría suficiente.
- Manter a alta no RETA, réxime especial ou mutualidade durante un mínimo de 24 meses ininterrompidos para a liña 1, e de 12 meses para a liña 2.
- Manter a forma xurídica elixida, así como o centro de traballo e o domicilio fiscal en Galicia, durante un mínimo de 12 meses.
- Conservar os documentos xustificativos relacionados coa axuda do FSE+ Galicia 2021-2027.
- Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións.
- Atender á recollida de información a través dos indicadores de realización e de resultados.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]